

**REGULAMENTO DE RÉXIME
INTERNO DA ESCOLA
UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA
E PODOLOXÍA**

ÍNDICE:

TÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS	3
CAPÍTULO I.- DA NATUREZA E DOS FINS DA ESCOLA.	3
CAPÍTULO II.- DAS FUNCIÓNS DA ESCOLA.....	3
CAPÍTULO III.- DOS MEMBROS DA ESCOLA.	4
TÍTULO II.- O GOBERNO DO CENTRO.	5
CAPÍTULO I.- DOS ÓRGANOS DE GOBERNO DO CENTRO.	5
CAPÍTULO II.- DO GOBERNO COLEXIADO (Xunta de Escola).	5
CAPÍTULO III.- DA REGULACIÓN DO DIRECTOR, SUBDIRECTORES E SECRETARIO DA ESCOLA	9
CAPÍTULO IV.- DAS COMISIÓNS.	11
TÍTULO III.- DO PROFESORADO.	16
TÍTULO IV.- DO ESTUDANTADO.	16
TÍTULO V.- DA REFORMA DO REGULAMENTO.....	16

TÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS

CAPÍTULO I.- DA NATUREZA E DOS FINS DA ESCOLA.

Artigo 1.-

A Escola Universitaria de Enfermaría e Podoloxía de Ferrol é un centro docente universitario da Universidade da Coruña, polo que a súa organización académica e o seu funcionamento se establecerá de acordo coa Lei orgánica 6/2001 de universidades, polas disposicións que a desenvolven, polos Estatutos da Universidade da Coruña, polo disposto no presente regulamento e polas normas de carácter xeral e de rango inferior ou superior que puideren ser de aplicación.

Artigo 2.-

A Escola Universitaria de Enfermaría e Podoloxía de Ferrol proxéctase, desde a súa natureza educativa á formación de profesionais de Enfermaría e de Podoloxía nos seus amplos e variados aspectos, atendendo así mesmo ao seu perfeccionamento humano integral.

Artigo 3.-

Os fins da Escola Universitaria de Enfermaría e Podoloxía de Ferrol serán a formación do alumnado nos diversos aspectos científicos, técnicos e humanos que conducen a que desenvolvan a súa actividade profesional co máis alto nivel de formación.

A Escola Universitaria de Enfermaría e Podoloxía do campus de Ferrol, estará encargada da organización das ensinanzas e dos procesos académicos, administrativos e de xestión que conducen á obtención de títulos de carácter oficial e de validez en todo o territorio español de diplomado en Enfermaría e diplomado en Podoloxía.

CAPÍTULO II.- DAS FUNCIÓNS DA ESCOLA.

Artigo 4.-

Son funcións da Escola Universitaria de Enfermaría e Podoloxía de Ferrol:

- a) Elaborar a proposta dos planos de estudo, dentro das liñas xerais de política educativa; así como as das novas ensinanzas do contorno social, atendendo ao progreso do coñecemento
- b) Organizar e supervisar as actividades docentes e a xestión dos servizos da súa competencia.

- c) Custodiar as actas de cualificación e os expedientes dos estudantes que cursasen o cursen estudos na Escola, sen prexuízo do mantemento, por parte da Universidade, de arquivos centralizados.
- d) Expedir as certificacións que solicitaren os/as estudantes do centro.
- e) Administrar a asignación orzamentaria do centro e controlar os seus propios servizos e equipamentos.
- f) Promover actividades culturais y de extensión universitaria que contribuíren ao progreso e á difusión do coñecemento e da cultura así como promover actividades deportivas no marco dos Estatutos da Universidade da Coruña.
- g) Participar en los procesos de avaliación da calidade.
- h) Proporcionar una formación integral do alumnado de Enfermaría e Podoloxía na súa dobre vertente teórica e práctica, que se adapte ás actuais necesidades da comunidade en materia de saúde, e que capacite o alumnado ao longo do seu período de formación para cumprir a misión que o/a diplomado/a en Enfermaría e en Podoloxía ten no ámbito da sociedade.
- i) Colaborar e impulsar a investigación no ámbito da saúde, de xeito que se preste o apoio necesario aos departamentos que impartiren docencia neste centro, na medida das súas posibilidades.
- j) Participar no goberno da Universidade conforme ao disposto nos seus estatutos.
- k) Aqueloutros que lle outorgaren os Estatutos da Universidade da Coruña e as disposicións legais vixentes.

Artigo 5.-

A Escola Universitaria de Enfermaría e Podoloxía de Ferrol, establecerá os oportunos acordos de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de conseguir una mellor formación sanitaria en xeral, e a formación do máis alto nivel dos futuros profesionais da Enfermaría e da Podoloxía.

CAPÍTULO III.- DOS MEMBROS DA ESCOLA.

Artigo 6.-

Son membros da Escola Universitaria de Enfermaría e Podoloxía de Ferrol:

- a) O profesorado encargado da docencia das distintas materias para a obtención do título de diplomado universitario en Enfermería e de diplomado universitario en Podoloxía.
- b) El persoal de administración y servizos, cuxa vinculación á Escola sexa de carácter funcionario ou laboral.
- c) Todos o estudiantado que estiver matriculado.
- d) O alumnado bolsreiro que figurar no Plano de Organización Docente.

Artigo 7.-

Os membros da Escola Universitaria de Enfermería e Podoloxía de Ferrol terán os dereitos e os deberes que lles atribuíren os Estatutos da Universidade, este regulamento e calquera outra disposición legal en vigor.

TÍTULO II.- O GOBERNO DO CENTRO.

CAPÍTULO I.- DOS ÓRGANOS DE GOBERNO DO CENTRO.

Artigo 8.-

Os órganos de goberno da Escola Universitaria de Enfermería e Podoloxía de Ferrol son:

- a) De carácter unipersoal: o/a director/a, o/a subdirector/a - coordinador/a e o/a secretario/a académico.
- b) De carácter colexiado: a Xunta de Escola.

No exercicio das súas funcións e das súas atribucións, os órganos unipersoais e os colexiados da Escola respectarán os acordos das Xuntas de Escola, do Consello de Goberno da Universidade, os do Claustro Universitario e a lexislación vixente.

CAPÍTULO II.- DO GOBERNO COLEXIADO (Xunta de Escola).

Artigo 9.-

A Xunta de Escola é o máximo órgano de goberno do centro. As súas resolucións no ámbito das súas competencias son vinculantes para todos os membros da Escola sen prexuízo con respecto á delimitación de competencias que establecen a Lei e os Estatutos da Universidade da Coruña.

Artigo 10.-

1.- A composición da Xunta de Escola axustarase ao que determinan os artigos que afectan ás escolas universitarias dos Estatutos da Universidade da Coruña:

- a) O/a director/a, que a convocará e a presidirá.
- b) O/a subdirector/a - coordinador/a e o/a secretario/a, que o será tamén da Xunta de Escola.
- c) Un 70% de profesores do centro. Todo o profesorado funcionario do centro pertencerá á Xunta de Centro e representará, polo menos, un 51% do número total dos membros desta. Sempre que sexa posible o 19% será profesorado non funcionario.
- d) Un 25% do estudantado do centro.
- e) Un 5% do persoal de administración e servizos.

2.- As persoas que impartiren docencia en máis dun centro soamente poderán ser membros da Xunta de Centro en que desenvolvan maioritariamente a súa docencia.

3.- As persoas representantes na Xunta de Centro serán elixidas para un período de dous anos.

Artigo 11.-

O profesorado que imparta docencia na Escola e non forme parte da Xunta de Escola, así como o profesorado visitante, poderá asistir ás reunións con voz mais sen voto.

Artigo 12.-

Os membros representantes da Xunta de Escola serán elixidos polos mesmos estamentos aos que representan.

Artigo 13.-

As eleccións a representantes na Xunta de Escola celebraranse cun mes de antelación á expiración do mandato.

Artigo 14.-

As ausencias ás Xuntas de Escola deberán xustificarse mediante un escrito dirixido ao/á presidente/a e que se entregará ao/á secretario/a, con anterioridade á sesión.

Artigo 15.-

Son competencias da Xunta de Escola as recollidas no artigo 30 dos Estatutos da Universidade da Coruña.

- a) Elixir ao/á director/a e, se é o caso revogalo.
- b) Supervisar a xestión dos diferentes órganos de goberno e administración da Escola.
- c) Informar sobre a implantación de novas titulacións e estudos.
- d) Elaborar e aprobar as propostas de plans de estudos das titulacións que se impartan no Centro.
- e) Formular anualmente, antes do comezo do curso académico, o plan docente do centro coordinadamente cos departamentos adscritos á Escola.
- f) Organizar, supervisar e informar sobre as actividades docentes para a obtención dos títulos académicos do seu ámbito de competencia, e coordinar e supervisar o desenvolvemento dos contidos mínimos das materias impartidas neles polos departamentos, de acordo cos plans de estudo e cos obxectivos establecidos para cada titulación.
- g) Programar os servizos e equipamentos do Centro e supervisar a súa xestión.
- h) Acordar a distribución dos créditos concedidos ao centro e controlar a súa aplicación.
- i) Elaborar o regulamento de réxime interno do centro.
- j) Organizar actividades de formación permanente e de extensión universitaria.
- k) Calquera outra que lle atribúan as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña.

Artigo 16.-

A presidencia da Xunta corresponde ao/á director/a, quen moderará o curso dos debates e asegurará o cumprimento da normativa vixente e dos acordos tomados. O/a presidente/a fixará o desenvolvemento de cada sesión, determinando a hora de comezo desta.

En ausencia ou enfermidade do director/a, exercerá a presidencia da Xunta o/a subdirector/a-coordinador/a ou no seu caso aquela persoa en quen o/a director/a delegue mediante un escrito que lerá ao comezo da Xunta de Escola o/a secretario/a académico.

Artigo 17.-

O secretario/a do Centro é tamén o da Xunta, e deberá levantar acta das sesións, reflectindo os acordos adoptados; organizará as votacións y proclamará os seus resultados.

Artigo 18.-

A convocatoria da Xunta corresponde ao seu presidente, e debe ser notificada aos seus membros cunha antelación mínima de 48 horas.

Nos casos de urxencia manifesta, a Xunta de Escola pódese convocar en calquera momento e débese notificar esta convocatoria a todos os membros da Xunta de Escola cunha antelación mínima de 24 horas.

A Xunta débese convocar sempre que o propoñan polo menos 1/3 dos seus membros.

Artigo 19.-

Acompañarase coa convocatoria da Xunta de Escola, en todo caso, a orde do día fixada polo/a presidente/a, que debe de ter en conta, no seu caso, as peticións que formularen os membros da Xunta de Escola.

Para que sexa esixible a inclusión dalgunha cuestión na orde do día, a solicitude desta inclusión debe estar subscrita por, polo menos, 1/4 dos membros da Xunta de Escola, e débese comunicar esta ao/á director/a cunha antelación mínima de 3 días.

Artigo 20.-

As Xuntas de Escola reúnen-se con carácter ordinario polo menos unha vez cada trimestre e con carácter extraordinario tantas veces for preciso; neste caso unicamente se poderá tratar o tema polo cal se convocaron.

Artigo 21.-

A Xunta de Escola quedará validamente constituída, cando concorreren en primeira convocatoria o/a presidente/a e o/a secretario/a, ou de se lo caso quen o substitúa e polo menos a metade dos seus membros.

Os acordos tomaranse por maioría absoluta en primeira volta e por maioría simple na segunda volta, no caso de no acadar a maioría absoluta na primeira, para o caso de elección de director/a, propostas de modificación do regulamento de réxime interno e para os casos restantes, excepto mocións de censura ao director/a.

A aprobación dunha moción de censura ao director/a esixe maioría absoluta dos membros da Xunta de Escola.

Artigo 22.-

Para o cómputo de votos non se contarán as abstencións, votos nulos ou en branco, adoptándose os acordos pola maioría dos votos afirmativos sobre os negativos, considerándose dirimente o voto do director/a nos casos de empate, agás nos casos en que se requirir a maioría absoluta, nos cales se computarán todos os votos que se emitisen.

Artigo 23.-

O voto é persoal e indelegable, ademais de secreto, excepto cando se establecer o acordo por unanimidade de o facer a man alzada ou por asentimento ante a proposta da presidencia.

Artigo 24.-

No apartado da orde do día que se refire a suxestións e preguntas, formularanse estas á presidencia, a cal, discrecionalmente, poderá responder a elas directamente ou por delegación a través doutro membro da Xunta de Escola, nese momento ou na seguinte sesión da Xunta.

Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo neste apartado ningún asunto que non figure na orde do día, agás que se encontraren presentes todos os membros da Xunta de Escola e sexa declarada a urxencia do asunto co voto favorable da maioría.

Artigo 25.-

Debe levantarse acta de cada sesión polo secretario/a, o cal debe conter necesariamente a indicación nominal das persoas asistentes, o lugar e a data da celebración, unha exposición clara e sucinta dos debates e das deliberacións, o resultado das votacións efectuadas, coa expresión dos votos particulares emitidos, e os acordos adoptados.

Calquera membro da Xunta de Escola ten dereito a facer constar na acta as súas manifestacións e, neste caso, deberá advertilo previamente ao secretario e presentar por escrito, se este o requirir, o expresado verbalmente.

CAPÍTULO III.- DA REGULACIÓN DO DIRECTOR, SUBDIRECTORES E SECRETARIO DA ESCOLA.

Artigo 26.-

1.-O/a director/a é o órgano de dirección e representación da Escola. Exerce as funcións de dirección e xestión ordinaria do centro.

2.- O/a director/a será nomeado polo reitor, despois de elección pola Xunta de Centro, entre profesores doutores pertencentes aos corpos docentes universitarios que están adscritos ao centro.

No seu defecto, dado que se trata dunha escola universitaria, o/a director/a será elixido/a entre funcionarios dos corpos docentes universitarios non doutores ou profesores contratados doutores.

Será de aplicación este último precepto cando na elección de profesores doutores dos corpos docentes universitarios ningún dos candidatos obtivese a maioría absoluta dos membros da Xunta de Centro, e será elixido o máis votado, sempre que teña un número de votos superior aos logrados na elección entre profesores doutores.

3.- A duración do mandato do director/a será de catro anos, e poderá ser reelixido, tal e como establece o artigo 41.3 dos Estatutos da Universidade da Coruña.

Artigo 27.-

O/a director/a cesará nas súas funcións ao rematar o seu mandato, a petición propia ou como consecuencia dunha moción de censura con candidato alternativo aprobada pola maioría absoluta da Xunta de Escola.

Artigo 28.-

Son funcións do director/a da Escola:

- a) Desempeñar a representación do centro.
- b) Presidir as reunións da Xunta de Escola e de calquera outro órgano colexiado do centro, así como executar os seus acordos.
- c) Velar polo cumprimento da legalidade en todas as actuacións do centro, polo bo funcionamento dos servizos e polo mantemento da disciplina académica.
- d) Dirixir e supervisar as actividades do centro, especialmente a organización das actividades docentes.
- e) Propoñer ao reitor o nomeamento e o cesamento do subdirector/a-coordinador/a e o secretario/a do centro.
- f) Controlar o cumprimento das funcións do persoal de administración e servizos que está adscrito ao centro.
- g) Exercer as restantes funcións que se derivaren do seu cargo, así como aquelas outras que lle atribuíren as disposicións legais vixentes nos Estatutos da Universidade.

Artigo 29.-

1.- O/a subdirector/a-coordinador/a será nomeado/a polo reitor a proposta do director/a do centro de entre os membros da comunidade universitaria da Escola.

2.- Corresponde ao/á subdirector/a-coordinador/a dirixir e coordinar, baixo a autoridade do director/a, a área de competencia que este lle asignar e substituír ao director/a en caso de ausencia. No caso de existiren varias persoas, o/a director/a designará aquela que deberá substituílo en caso de ausencia ou de enfermidade.

3.- O subdirector/a-coordinador/a cesará no seu cargo por petición propia, por causa legal sobrevida ou por decisión do reitor, a proposta do/a director/a.

Artigo 30.-

1.- O secretario/a é fedatario das actas e acordos dos órganos de goberno e administración da Escola.

2.- O secretario/a será nomeado polo reitor a proposta do/a director/a do centro.

3.- Corresponden ao/á secretario/a as seguintes funcións:

a) A formación e custodia dos libros de actas dos órganos colexiados do centro.

b) A recepción e custodia das actas de cualificación dos exames.

c) A expedición de certificacións dos acordos e de todos os actos ou feitos que constaren nos documentos oficiais do centro.

d) A custodia do selo da Escola e do rexistro desta.

e) A publicidade dos acordos dos órganos colexiados da Escola.

f) Calquera outra función que lle delegar o/a director/a ou que lle encomendaren as disposicións legais vixentes nos Estatutos da Universidade.

4.- O/a secretario/a cesará no seu cargo a petición propia, por causa legal sobrevida ou por decisión do reitor a petición do/a director/a.

CAPÍTULO IV.- DAS COMISIÓNS.

Artigo 31.-

As comisións do centro son órganos dependentes da Xunta de Escola, para o mellor cumprimento das súas funcións. Poden ser permanentes para os asuntos

encomendados pola Xunta de Escola dentro do marco das súas competencias, e terán a mesma duración que esta.

As comisións non permanentes son creadas e designadas pola Xunta de Escola para a realización de traballos concretos, e a duración destes concordará coa súa eventualidade.

Os dous tipos de comisións poden solicitar a información e a presenza das persoas, así como a documentación necesaria, para levar a cabo as misións que se lles encomendaren.

Artigo 32.-

En todo caso, serán comisións permanentes da Escola:

1. A Comisión de Docencia e Validacións.
2. A Comisión Económica.
3. A Comisión de Biblioteca.
4. A Comisión de Servicios Xerais.

Artigo 33.-

En todo caso, as comisións estarán presididas polo/a director/a da Escola ou polo membro da Xunta de Escola en quen delegue.

Ningún membro da Xunta de Escola poderá pertencer a máis de dúas comisións permanentes, excepto o/a director/a.

Artigo 34.-

As comisións poderán ter a composición que acorde a Xunta de Centro, e poderán formar parte delas os membros de todos os sectores que estiveren representados na Xunta de Escola.

Artigo 35.-

As comisións permanentes deberán reunirse polo menos, unha vez cada cuatrimestre, mediante citación por parte do seu presidente ou polo acordo da metade dos seus compoñentes, que o farán chegar ao secretario/a da comisión co fin de que emita a oportuna citación, de xeito que se deberán referendar os acordos adoptados por ela na seguinte Xunta de Escola para que sexan vinculantes.

As comisións non permanentes reuniranse cantas veces sexa preciso, mediante a citación por parte do seu presidente, ata que resolvan o asunto polo que se organizaron.

Artigo 36.-

1.- A Comisión de Docencia e Validacións estará formada por:

- O/a director/a da Escola, ou persoa en quen delegar, que actuará como presidente.
- O/a secretario/a docente, que actuará á vez como secretario/a da comisión.
- O/a director/a de cada departamento adscrito á Escola.
- Un membro do profesorado elixido de entre os membros da Xunta de Centro que imparta docencia na titulación de Enfermería.
- Un membro do profesorado elixido de entre os membros da Xunta de Centro que imparta docencia na titulación de Podoloxía.
- Dous representantes do alumnado (un de Enfermería e outro de Podoloxía).
- Un representante do P.A.S.

2.- Constitúen o obxectivo da Comisión Docente e de Validacións as seguintes funcións:

- a) Supervisar a metodoloxía didáctica e o rendemento da docencia no centro, tras a análise das memorias que elaboren os departamentos. Confeccionar unha memoria de resumo que, unha vez que se presente e que a aprobe a Xunta de Escola, será depositada na Secretaría do Centro de xeito que estea a disposición de calquera membro da comunidade universitaria que a solicitar.
- b) Planificar e propoñer ao comezo do curso un proxecto de horarios e de actividades lectivas.
- c) Propoñer un calendario para as convocatorias oficiais de exames, de xeito que se conte coas opinións dos diferentes sectores e sempre dentro dos prazos que fixe a Universidade.
- d) Coordinar as propostas do Plano de Organización Docente de cada departamento atendendo a criterios de racionalidade científica.
- e) Coñecer a información dos conflitos derivados de situacións académicas irregulares producidas no centro, tras a audiencia das partes que estiveren implicadas.
- f) Estudar e resolver as diferentes solicitudes de validación de estudos cursados noutras universidades españolas.
- g) Informar sobre as propostas de organización dos cursos de formación de posgrao, dos seminarios, congresos, etc....
- h) Calquera outra función que, relacionada coa docencia, lle asignar a Xunta de Escola.

3. A Comisión reunirse con carácter ordinario, polo menos unha vez cada cuatrimestre e con carácter extraordinario, tantas veces o considerar necesario o seu presidente ou a propia Comisión na proporción dun 50%.

Artigo 37.-

1.- A Comisión Económica estará composta por:

- O/a director/a da Escola, ou a persoa en quen delegar, que actuará como presidente.
- Un membro do profesorado elixido de entre os membros da Xunta de Centro que imparta docencia na titulación de Enfermaría.
- Un membro do profesorado elixido de entre os membros da Xunta de Centro que imparta docencia na titulación de Podoloxía.
- Dous representantes do alumnado (un de Enfermaría e outro de Podoloxía).
- O/a Xefe/a de Negociado, que poderá ser substituído/a por un membro do persoal de administración e servizos con destino na Administración.

2.- A Comisión Económica ten por obxectivo:

- a) Propoñer á Xunta de Escola a distribución anual do orzamento autorizado.
- b) Analizar as propostas de obras e propoñer a máis conveniente.

3. A Comisión reunirse con carácter ordinario, polo menos unha vez cada cuadrimestre e con carácter extraordinario, cantas veces o considerar necesario o seu presidente ou a propia Comisión na proporción dun 50%.

Artigo 38.-

1.- A Comisión de Biblioteca de Centro estará formada por:

- O/a director/a da Escola, ou a persoa en quen delegar, que actuará como presidente.
- O/a director/a da Biblioteca da Casa do Patín.
- Un membro do profesorado representando a cada Departamento que imparta docencia na Escola.
- Un membro do profesorado elixido de entre os membros da Xunta de Centro que imparta docencia na titulación de Enfermaría.
- Un membro do profesorado elixido de entre os membros da Xunta de Centro que imparta docencia na titulación de Podoloxía.
- Dous representantes do alumnado (un de Enfermaría e outro de Podoloxía).

2.- Serán funcións da Comisión de Biblioteca:

- a) Aprobar a política de desenvolvemento das coleccións e distribuír o orzamento no ámbito da súa competencia, de acordo coas liñas xerais que emanaren da Comisión de Biblioteca Universitaria.
- b) Elaborar as normas de funcionamento dos Servizos Bibliotecarios e velar polo seu cumprimento, dentro do marco do Regulamento da

Biblioteca Universitaria. Estas normas, estarán a disposición do público na Biblioteca da Casa do Patín.

- c) Aprobar o informe anual da súa Biblioteca e remitilo á dirección da Biblioteca Universitaria.
- d) Asesorar nas diferenzas de criterio que puideren xurdir entre a Biblioteca e calquera dos seus usuarios.
- e) Asesorar en todos os asuntos que pola súa importancia se considere necesario someter a súa consideración.

3.- A Comisión de Biblioteca da Casa do Patín reunirse polo menos unha vez por cuatrimestre, e cantas veces sexa necesario por decisión do presidente ou a petición de, polo menos, o 50% dos seus membros.

Artigo 39.-

1.- A Comisión de Servizos Xerais estará formada por:

- O/a director/a da Escola, que será á súa vez o/a presidente/a, e que poderá delegar noutro membro da Comisión.
- O/a secretario/a do Centro.
- O/a conserxe.
- Un membro do profesorado elixido de entre os membros da Xunta de Centro que imparta docencia na titulación de Enfermería.
- Un membro do profesorado elixido de entre os membros da Xunta de Centro que imparta docencia na titulación de Podoloxía.
- Un membro do profesorado por cada Departamento que estiver adscrito ao Centro.
- Dous representantes do alumnado (un de Enfermería e outro de Podoloxía).
- Un representante do Persoal de Administración e Servizos do Centro.

2.- Son funcións da Comisión de Servizos Xerais:

- a) Asesorar a todos os membros da Escola Universitaria de Enfermería e Podoloxía en todas as materias referidas aos medios informáticos de que dispón a Escola, así como a súa posibilidade de uso.
- b) Elevar á Xunta de Escola a proposta de necesidades de adquisición de equipos de informática e programas necesarios para establecer unha docencia acorde cos procesos nesta rama da ciencia.
- c) Realizar a proposta de normas para a utilización dos servizos xerais da Escola (medios audiovisuais, sala de informática, fotocopiadora, etc...).
- d) Propoñer a incorporación de novos servizos.
- e) Avaliar o funcionamento dos servizos xerais da Escola.

3.- A Comisión de Servizos Xerais, reunirse polo menos unha vez cada cuatrimestre, e cantas veces for necesario tras instancia do seu presidente ou a petición de, polo menos, o 50% dos seus membros.

TÍTULO III.- DO PROFESORADO.

Artigo 40.-

Son profesores do Centro aqueles que desempeñaren a súa actividade docente e investigadora neste.

TÍTULO IV.- DO ESTUDANTADO.

Artigo 41.-

Son estudantes da Escola, todos os matriculados/as en calquera das disciplinas que integran o seu plano de estudos.

Artigo 42.-

Todo alumno non conforme coas súas cualificacións poderá solicitar por escrito a revisión dos seus exames, dentro do prazo que fixar o profesor/a ou tribunal ao facer públicos os resultados da avaliación, que ademais deberá facer pública a data na que se resolverán as reclamacións.

Artigo 43.-

O procedemento para a reclamación de calquera cualificación (convocatoria oficial) que o estudante considere arbitraria ou discriminatoria, será en réxime transitorio (mentres non se produza a regulación xeral para toda a universidade), o seguinte:

- 1º.- As actas de exame deberán ser entregadas debidamente cubertas polo profesor/a correspondente na secretaría do centro, de acordo co procedemento e nos prazos establecidos. O/a secretario/a do centro publicará a data a partir da cal se abre o prazo de reclamacións poñendo a disposición dos estudantes os datos correspondentes.
- 2º.- Contra as cualificacións poderase interpoñer reclamación mediante escrito dirixido ao director/a do centro no prazo de quince días naturais contados a partir do día seguinte ao da data de publicación. Contra a resolución do director/a poderá interpoñerse recurso de alzada de acordo co previsto nas normas de procedemento administrativo común.

TÍTULO V.- DA REFORMA DO REGULAMENTO.

Artigo 44.-

A iniciativa de reforma do presente Regulamento corresponde ao/á director/a ou aos seus membros de Xunta de Centro, e débese presentar por escrito e polo miúdo o obxectivo da reforma ante o/a director/a. É necesario para a súa admisión a trámite que estea avalada por, polo menos, 1/3 dos membros da Xunta.

Artigo 45.-

Toda iniciativa de reforma do Regulamento deberá ademais, ir acompañada da proposta de texto alternativo que se trasladará a todos os membros da Xunta de Escola para o seu estudo.

Artigo 46.-

No prazo máximo de 2 meses, que se contarán desde a presentación da iniciativa da reforma, o/a director/a da Escola deberá convocar unha Xunta de Escola extraordinaria con este asunto como único punto do día.

Artigo 47.-

Para que sexa aprobada a reforma do Regulamento é necesario que esta obteña un voto favorable da maioría absoluta dos membros da Xunta de Escola, en primeira votación e maioría simple na segunda.

Artigo 48.-

De ser rexeitado o proxecto de reforma do regulamento, os solicitantes non poderán exercer a súa iniciativa de reforma sobre este asunto durante o mesmo curso académico.

Artigo 49.-

As modificacións do Regulamento que se aprobaren serán remitidas ao Consello de Goberno da Universidade para a súa ratificación, e entrarán en vigor ao día seguinte de producirse esta.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

Este regulamento interprétase no marco da Lei orgánica de universidades, dos Estatutos da Universidade da Coruña e da Lei 30/1992 do 26 de novembro do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

DISPOSICIÓN FINAL.

O presente regulamento entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa aprobación polo Consello de Goberno da Universidade da Coruña.